

I Encontro do libro galego

[Marta Dacosta](#) 07/xuño/25

<https://www.nosdiario.gal/opinion/marta-dacosta/i-encontro-do-libro-galego/20250607101053224655.html>

Esta semana, fixéronse públicos os resultados do I Encontro do Libro Galego. O encontro decorreu no pasado mes de xullo, dentro da segunda fase do *Proxecto Libro Galego* desenvolvido por un equipo do Departamento de Letras da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, que ten por investigador principal a Roberto Samartim.

Despois dunha primeira fase en que se recolleron datos sobre o libro galego entre 1978 e 2019, iniciouse unha segunda da que formou parte o encontro en que participamos administracións públicas e entidades do campo asociativo (da escrita, da ilustración, da tradución) e industrial (editoriais e librarías).

Para a divulgación dos resultados, o equipo elixiu o titular: "Precariedade estrutural do libro galego", que, certamente, dá no albo do problema. Vivimos, efectivamente, nunha precariedade estrutural que, como se desprende das conclusións do encontro, está motivada por unha acción institucional da Xunta negativa para o libro galego. Unha acción alicerzada nunha política da promoción da lectura pouco eficaz e comprometida, como se evidencia na falta de promoción internacional, por exemplo. E, por se isto non fose suficiente, certos pretendidos avances, como os que se están a dar no ámbito da intelixencia artificial, veñen incidir na precarización do sector, pretendendo fagocitar o noso traballo para logo crear subprodutos que só compiten a nivel económico.

A precariedade estrutural do libro galego enraízase na ausencia dunha política lingüística que verdadeiramente procure a normalización da nosa lingua propia. Se non cren na lingua, como non cren nos datos do IGE; se non atenden ao que dicimos as galegas e os galegos, como non atenden ás indicación do Comité de Expertos de Europa, van apoiar un sector que emana de e engrandece a lingua nosa?

Mais, xa resistimos os séculos escuros. E desde 1863 temos unha vontade poética de ferro, que converte en ouro os poemas que escribimos e fai virar cara a nós os ollos lectores do mundo enteiro.